

MADRUGADORES 2026-27

O Concello de Outes abre o prazo de inscrición para o servizo de **“Madrugadores”**, curso 2026-2027, que forma parte do programa “Outes Concilia”. Dito servizo desenvolverase no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.

- **Madrugadores:** ofrece un servizo de acollida, coidado, no que as/os menores poden almorzar. As familias deberán achegar os alimentos diariamente en termos ou envases adaptados a este fin.

Levarase a cabo durante todo período lectivo, en horario de 7:50 h da mañá ata o inicio das clases. As familias farán uso do mesmo, en función das súas necesidades de conciliación, pero deben incorporarse ó mesmo, como mínimo 30 minutos antes de comezar a xornada escolar. **O inicio da prestación do servizo será o primeiro día do calendario escolar 2026-2027, o 9 de setembro.**

Está destinado a nenas e nenos escolarizados no CEIP de Outes, de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Poderá ser utilizado de forma fixa ou ocasional.

Prazas limitadas.

A listaxe de admisión no servizo será publicada na páxina web do Concello de Outes.

O prezo público de “Madrugadores” figura establecido na ordenanza reguladora correspondente e ascende a **20 € mensuais**, podendo ser utilizado por un importe de **2 € por día e servizo**.

Exención e bonificación.

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.-Exención

A emisión dun Informe Social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para aboar o custo do mesmo, implicará a exención da cota.

2.- Bonificación

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns/irmás de xeito simultáneo, o segundo irmán/irmá e sucesivos terán un desconto do 50%.

Esta bonificación non se aplicará cando fagan uso do servizo en días soltos.

Documentación a achegar xunto coa folla de inscrición:

- Modelo firmado da ficha LOPD específica do Programa “Outes Concilia”
- Copia do DNI, NIE da nai/pai/titor/a/acolledor/a.
- Copia do certificado de nacemento ou do Libro de familia.
- Copia da tarxeta sanitaria da/o menor.
- Documentos acreditativos de situacións específicas da familia: Título de familia numerosa, certificado de familia monoparental, copia da sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou do convenio regulador; sentenzas e/ou documentos acreditativos da custodia, resolución de acollemento familiar... da/do menor.
- Documentación relacionada cos datos de saúde da/o menor, de ser o caso.

No caso de que dita documentación xa conste no Programa “Outes Concilia”, deberá indicar o rexistro ou servizo de conciliación no que figura.

O persoal técnico responsable do servizo, unha vez analizadas e aceptadas as solicitudes, contactará coa persoa solicitante para requirir a documentación complementaria ou adicional que se precise, e disporá de tres días hábiles para achegala.

As solicitudes entenderanse presentadas no rexistro onde figure cuberto o modelo de inscrición normalizado. **Unha solicitude de inscrición por cada menor ao que se lle asignará un número de rexistro.** No caso de máis dunha solicitude nun único rexistro este só será válido para a inscrición da/o primeiro menor.

Poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Outes (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no Rexistro do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres. O prazo de inscrición do 17 ao 28 de agosto.

Máis información no CIM de Outes, solicitando cita previa no número de teléfono 981850949.